

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 14 DE XANEIRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NUNEZ FEIJOO**

DECRETOS

CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula a composicion e funcionamento do Consello de Avaliacion Documental de Galicia e o procedemento de avaliacion e seleccion de documentos.

CONSELLERIA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispon o cesamento de Ramon Ares Rico como director xeral de Asistencia Sanitaria.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Asistencia Sanitaria a Jorge Aboal Vinas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se establece a ordenacion de apartamentos tursticos, vivendas tursticas e vivendas de uso turstico na Comunidade Autonoma de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO

- Acordo polo que se dispon a remision ao Parlamento de Galicia da Memoria 2015 de control das directrices de ordenacion do territorio de Galicia.

CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se crea e se regula o Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autonoma de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o resultado da actividade de prevencion e loita contra os incendios forestais, desenvolvida no ano 2015 pola Unidade do Corpo Nacional de Polic a adscrita a Comunidade Autonoma de Galicia.

CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre as actuacións levadas a cabo para garantir a circulación nas estradas de titularidade autonómica en condicións de seguridade ante a meteoroloxía adversa desde o día 1 de xaneiro.

CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a actividade formativa do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia para o 2016.
- Informe sobre a Orde de axudas de parques empresariais.

CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA

- Informe sobre a situación dos arquivos da Xunta de Galicia.

CONSELLERIA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa galego para a detección precoz do cancro de colon e recto. Resultados do piloto na EOXI de Ferrol: primeiro ciclo de invitacións.

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL

- Informe en relacion coa tramitacion dunha indicacion xeografica protexida para o pan galego.

A XUNTA DA LUZ VERDE AO DECRETO POLO QUE SE PON EN MARCHA O CONSELLO DE AVALIACION DOCUMENTAL DE GALICIA

- *Este organo avaliador, previsto na Lei 7/2014, supora un avance practico en prol da conservacion racional, eficiente e garantista do patrimonio documental de Galicia*
- *O organo constituirase no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor e atendera ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes*
- *O decreto inclue tamen o desenvolvemento normativo do procedemento de avaliacion, seleccion e expurgo documental*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto polo que se regula a composicion e funcionamento do Consello de Avaliacion Documental de Galicia, as como o procedemento de avaliacion, seleccion e eliminacion de documentos no ambito do noso Sistema de arquivos. O procedemento regulado nesta norma contribuirá a conservacion mais racional, eficiente e garantista do patrimonio documental de Galicia, as como a un mellor e mais eficaz funcionamento, entre outras, das administracions publicas autonómica e locais, e ao desenvolvemento da administracion electronica.

O Consello de Avaliacion Documental, previsto na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, funcionará a traves do traballo desenvolvido polo pleno e polos diversos grupos de traballo especificos. Constituirase no prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste decreto e non terá impacto economico para a Administracion autonómica, xa que os membros que o conformen realizarán o seu traballo como parte das funcións inherentes do organo que representen no que prestan servizo.

A posta en funcionamento deste organo avaliador permitirá decidir sobre a conservacion permanente ou a eliminacion das series documentais en papel acumuladas nos diferentes arquivos que forman parte do Sistema de Arquivos de Galicia. Compre subliñar que en ningun caso se poderá autorizar nin proceder a eliminacion de documentos mentres estes tenan algun tipo de valor probatorio de dereitos e obrigas referidos as persoas físicas ou xurídicas, ou non transcorresen os prazos que a lexislacion vixente establece para a súa conservacion.

No ambito da administracion electronica, a avaliacion de procedementos administrativos electronicos incluíra no proceso de analise documental, previo a súa implantacion nas aplicacions de xestion de documentos electronicos, o informe de avaliacion e seleccion do Consello de Avaliacion Documental de Galicia.

Estrutura e funcións

Segundo o proxecto de decreto aprobado polo Goberno galego, o Consello contará na súa estrutura cunha presidencia, exercida polo titular da consellería competente en materia de arquivos, unha vicepresidencia, unha secretaria e dezaseis vogalas. A

Composicion do Consello atendera ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes. Na comunicacion que se realice aos organos e entidades para a designacion de representantes lembraraselle a importancia social de tender a aquel obxectivo de igualdade.

Entre as funcións do Consello están, en primeiro lugar, unha serie de funcións proactivas e de asesoramento respecto do órgano superior en materia de arquivos e patrimonio documental. Así, o Consello propoñe con carácter preceptivo os criterios de avaliación para a selección, transferencia da custodia e acceso aos documentos; elaborará as taboas de avaliación documental das series sometidas ao seu ditame e supervisará aquelas outras taboas dos consellos cualificadores doutras institucións que custodien documentos considerados patrimonio cultural galego. Ademais, este promoverá acordos de carácter xeral relativos aos prazos de conservación ou eliminación e acceso daquelas series documentais comúns a todas as administracións públicas galegas.

En segundo lugar, o Consello informará as propostas de avaliación dos documentos de titularidade pública, así como os criterios de conservación dos procedementos administrativos electrónicos. Finalmente, o devandito órgano emitirá informe sobre as cuestións que lle sexan solicitadas polo ou pola titular do órgano superior competente en materia de arquivos e patrimonio documental.

Desenvolvemento efectivo da nova lei

Este decreto ven desenvolver de xeito efectivo a Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, que regula a protección, conservación e difusión do noso patrimonio documental, así como a organización, funcionamento, acceso e difusión do contido tanto dos arquivos de interese para Galicia como do propio sistema arquivístico territorial.

Organizar e impulsar o sistema arquivístico galego, adaptándoo a nova realidade e aos cambios que se están a producir no ámbito dos documentos e arquivos públicos, e garantindo o acceso, a conservación e a difusión do patrimonio galego, son os obxectivos principais desta nova lei, que lle outorga a Galicia o primeiro marco normativo específico co que desenvolver as súas competencias nesta materia.

O Sistema de arquivos de Galicia

O Sistema de arquivos de Galicia é a estrutura legal e administrativa que agrupa tanto os arquivos públicos da Comunidade Autónoma como os privados que así o soliciten. Deste xeito, no Sistema de arquivos de Galicia integráranse as administracións públicas, entre elas a Xunta, os concellos, universidades, etc., que estarán obrigadas a custodiar documentos públicos. Este sistema contribuirá a garantir o contexto dos documentos, a súa autenticidade, a súa conservación e o dereito de acceso a estes.

O conxunto de arquivos de Galicia, mais os organos da Administracion que son competentes para a súa ordenacion e desenvolvemento, as como os correspondentes servizos tecnicos, conforman o Sistema de arquivos de Galicia. Tratase dunha estrutura legal e administrativa que permite un eficaz funcionamento dos arquivos e, xa que logo, da propia Administracion, para asegurar a súa conservacion a longo prazo e o acceso da cidadan a ao patrimonio documental.

JORGE ABOAL VINAS, NOVO DIRECTOR XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA DO SERGAS

- *Substitúe no cargo a Ramon Ares, que pasa a incorporarse como xerente da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte*

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa xuntanza de hoxe o nomeamento de Jorge Aboal Vinas como director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saude. Aboal substitúe a Ramon Ares Rico, quen foi director xeral dende abril do pasado ano, que pasa a incorporarse como xerente da Estrutura Organizativa de Xestion Integrada de Lugo, Cervo e Monforte.

Jorge Aboal (Palencia, 1962) é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade Autónoma de Madrid e especialista en Medicina da Educación Física e do Deporte. A Universidade de Oviedo concedeulle o Premio Extraordinario de Fin de Especialidade como reconecemento ao traballo que realizou durante o período de formación MIR.

Ten ademais o diploma de Alta Dirección Hospitalaria impartido pola Escola Galega de Administración Sanitaria en colaboración coa Escola Superior de Administración e Dirección de Empresas; o título de experto universitario de Admisión e Documentación Clínica, pola Universidade Complutense de Madrid; e o grado de doutor en Medicina e Cirurxía, con sobresaliente *cum laude* na defensa da súa tese doutoral, pola Universidade de Santiago de Compostela.

No que atinxe a súa carreira profesional, no Hospital Meixoeiro foi responsable da Área de Documentación Clínica entre 1994 e 1995; xefe da Unidade de Control de Xestion entre 1995 e 1996; e coordinador médico de Admisión, Arquivo, Documentación Médica e Control de Xestion entre 1996 e 1998.

Entre 1998 e 2004 foi subdirector xeral de Atención Especializada da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saude, con competencias sobre recursos humanos, ordenación das prestacións sanitarias, elaboración de plans funcionais, orzamentos dos centros de Atención Especializada e redacción de normativa sanitaria, entre outras.

Posteriormente foi médico de admisión e documentación clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (en 2005) e no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (entre 2005 e 2007). Dende 2007, e ata a actualidade, desempeña o labor de coordinador médico do Servizo de Admisión e Documentación Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

A XUNTA APROBA REMITIR AO CONSELLO CONSULTIVO O PROXECTO DE DECRETO QUE REGULARA AS VIVENDAS DE USO TURISTICO

- *O decreto introduce a regulacion deste novo tipo de aloxamento turstico, en que se contenen os requisitos e servizos m nimos de que debera dispoñer, o seu rexime de funcionamento e do exercicio da actividade*
- *A nova norma establece a obrigatoriedade de presentar para o inicio desta actividade unha declaracion responsable e a inscricion no Rexistro de Empresas e Actividades Tursticas de Galicia*
- *O obxectivo e erradicar as problemáticas vinculadas a proliferacion da tendencia de alugar por días ou semanas a vivenda habitual para uso turístico*

O Consello da Xunta aprobou hoxe remitir ao Consello Consultivo o proxecto de decreto polo que se establece a ordenacion dos apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta nova regulacion e necesaria debido a proliferacion nos últimos tempos, tanto a nivel internacional como nacional, da tendencia de alugar por días ou semanas a vivenda habitual para uso turístico, e dicir, un novo tipo de aloxamento turístico ofertado polos propietarios na súa propia vivenda.

O obxectivo desta nova norma e erradicar as problemáticas vinculadas a estas prácticas como o impacto económico-social, fiscalidade e tributacion, garantía e seguridade das persoas usuarias, calidade da oferta e satisfacción das persoas usuarias, molestias xeradas aos residentes e cidadáns, intrusismo ou competencia desleal.

Así, a principal novidade deste decreto e a introducion da regulacion das vivendas de uso turístico, en que se contenen os requisitos e servizos m nimos de que debera dispoñer, o seu rexime de funcionamento e do exercicio da actividade.

Vivendas de uso turístico

O novo decreto define as vivendas de uso turístico, como aquelas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestacion económica, para unha estada de curta duracion, amobladas e equipadas en condicións de inmediata disponibilidad e coas características previstas no presente decreto. A cesion deste tipo de vivendas será por completo sen que se permita a cesion por estancias.

Este novo tipo de aloxamento turístico poderá ser comercializado, ademais de polas empresas turísticas, polos seus propietarios ou persoa física ou xurídica que os represente. Neste último suposto non terá consideracion de establecemento turístico.

Para o inicio da súa actividade, o Decreto establece a obrigatoriedade de presentar unha declaración responsable ante a Área Provincial de Turismo de Galicia en que radique a vivenda, e a continuación, sempre que a dita declaración estea debidamente formalizada, inscribirse no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto aos requisitos e servizos mínimos, as vivendas de uso turístico deberán estar suficientemente amobladas e dotadas dos aparellos e útiles necesarios para a súa utilización inmediata, deberán contar con calefacción en todas as dependencias de uso de clientela, número de teléfono 24 horas para a atención ao usuario turístico, servizo de asistencia e mantemento da vivenda e follas de reclamación de turismo.

Apartamentos turísticos

Por outra parte, o Decreto establece o concepto e a clasificación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico e a normativa aplicable.

Segundo este, tenen a condición de apartamentos turísticos os inmobles integrados en bloques de pisos ou en conxuntos de unidades aloxativas tales como chales, bungalows e aquelas outras edificacións semellantes que estean destinadas na súa totalidade ao aloxamento turístico, sen carácter de residencia permanente.

O decreto mantén a clasificación dos apartamentos turísticos que establece a normativa en vigor: en categorías de tres, dúas e unha chave. A fixación da categoría farase atendendo as condicións de calidade das súas instalacións e servizos, de conformidade cos requisitos establecidos neste decreto. No caso de non ser uniforme o nivel de calidade das distintas unidades aloxativas, atenderase as de menor nivel para a fixación da categoría do establecemento.

Vivendas turísticas

En canto as vivendas turísticas, o decreto defínenas como os establecementos unifamiliares illados en que se preste servizo de aloxamento turístico, cun número de prazas non superior a dez e que dispoñen, por estrutura e servizos, das instalacións e do mobiliario axeitado para a súa utilización inmediata, así como para a conservación, elaboración e consumo de alimentos dentro do establecemento.

A comercialización da vivenda turística deberá consistir na cesión temporal do uso e gozo da totalidade da vivenda, polo que non se permite a formalización de contratos por cuartos ou a coincidencia dentro da vivenda de usuarios que formalicen distintos contratos.

O decreto clasifica as vivendas turísticas nunha única categoría de vivendas turísticas, do mesmo xeito que na normativa vixente.

MAIS DO 60 POR CENTO DOS CONCELLOS GALEGOS ESTAN ADAPTANDO O SEU PLANEAMENTO AOS CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE DAS DOT

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace a memoria de 2015 de aplicacion das directrices de ordenacion do territorio, que agora sera remitida ao Parlamento galego*
- *Entre os anos 2012 e 2013 a superficie de espazos protexidos incrementouse nun 4 por cento, de xeito que actualmente o 25 por cento do territorio galego conta con algunha figura de proteccion*
- *No que se refire ao patrimonio cultural, nese mesmo periodo aumentou en 44 o numero de BIC declarados*
- *Actualmente, estase rematando de elaborar o Catalogo das paisaxes de Galicia*

Un total de 191 plans xerais de ordenacion municipal (PXOM) estan actualmente adaptados, ou en proceso de adaptacion, aos criterios de sustentabilidade fixados polas directrices de ordenacion do territorio (DOT), o que supo o 60 por cento dos concellos galegos, o 63 por cento da poboacion da comunidade e duas terceiras partes da súa superficie. Ademais o proxecto da nova Lei do solo –actualmente en fase parlamentaria- permitira axilizar a adaptacion dos planeamentos municipais, unhas modificacións que se traduciran nunha maior eficiencia no consumo do solo.

As queda reflectido na memoria de 2015 sobre a aplicacion das DOT, que hoxe foi conecida polo Consello da Xunta e que agora sera remitida ao Parlamento galego, en cumprimento do establecido no artigo 11 da Lei de ordenacion do territorio de Galicia. Trátase da segunda vez que se realiza este tramite, polo que este documento actualiza o remitido o pasado ano a sede parlamentaria.

Para elaborar este documento, tiveronse en conta 42 indicadores (10 mais que no informe anterior) estruturados en sete bloques: paisaxe, patrimonio natural, ocupacion do territorio patrimonio cultural, sociedade e economia, metabolismo e mobilidade.

No que se refire ao primeiro dos grupos –a paisaxe-, cabe lembrar que se esta rematando de elaborar o Catalogo das paisaxes de Galicia, tras un amplo proceso de participacion publica. Froito deste proceso, os cidadans sinalaron mais de 2.000 lugares de interese paisaxístico en toda Galicia, 407 areas degradadas e 995 valores paisaxísticos.

O patrimonio natural tamen conta cunha evolucion positiva. A superficie de espazos protexidos incrementouse nun 4 por cento entre os anos 2012 e 2013, de xeito que actualmente o 25 por cento do territorio galego conta con algunha figura de proteccion. O mesmo sucede co patrimonio cultural, no que se rexistra un incremento de 44 novos BIC declarados entre 2012 e 2013.

En terceiro lugar, -a ocupacion do territorio-, os datos amosan que se produciu un lixeiro incremento nos usos de dinamica natural entre 2005 e 2011, representando actualmente o 46% da superficie galega; o outro 46% esta asociado ao sistema agroforestal e o 8% restante, ao solo artificial. Isto reflicte un territorio galego "humanizado", vinculado a un sistema agroforestal de alto valor ecoloxico e cultural.

No eido da sociedade e econom a destaca, entre outros avances, o incremento do 10 por cento da poboacion con acceso a banda larga no per odo 2012-2013, as como as iniciativas para frear o despoboamento rural e dinamizar o sector primario.

Tamen pode destacarse a reducion da xeracion de residuos urbanos nun 4 por cento desde a aprobacion das DOT. Tamen e notable a mellora da calidade das augas de bano, nas que a cualificacion de "excelente" ou "boa" aumento nun 3 por cento entre os anos 2011 e 2013, ata representar o 86 por cento do total.

Xa por ultimo, no bloque da mobilidade, detectouse un incremento do uso do veh culo privado ata 2011, pero agardase que coas posta en marcha do Plan de transporte metropolitano se continue avanzando na mellora da sustentabilidade na mobilidade.

Outro dos eidos en que se persegue avanzar e na concienciacion social. A percepcion da cidadan a sobre estas cuestiones abordouse mediante a implementacion da Enquisa de Percepcion Territorial e Urban stica, realizada polo Instituto Galego de Estat stica, e da que se teran resultados en 2016

As DOT

As directrices de ordenacion do territorio aprobaronse no ano 2011 e constituen un instrumento marco de planificacion territorial, que permite orientar as actuacións sectoriais dotandoas de coherencia espacial, conformando as unha accion de goberno coordinada e eficaz no territorio.

O Decreto 156/2012 crea a comision de seguimento das DOT, en que estan implicados un total de 17 departamentos baixo a coordinacion do Instituto de Estudos do Territorio. En 2013, regulase o Plan de seguimento deste instrumento de planificacion, convertendo Galicia na primeira comunidade autonoma en controlar a aplicacion das directrices de ordenacion do territorio. Unha vez aprobado este Plan, acordase que a Xunta presente anualmente no Parlamento un balance das DOT, no que se tenta responder basicamente as seguintes cuestiones: estase a facer o establecido?, e eficaz cara a sustentabilidade?, como o percibe a cidadan a?

A XUNTA APROBA O PROXECTO DO PRIMEIRO REGULAMENTO XERAL DE ESTRADAS DE GALICIA

- *O documento recolle as medidas para a mellor regulacion das v as galegas de titularidade autonómica, das deputacións e dos concellos*
- *A normativa ten como primeiro obxectivo acadar unha xestión da nosa rede viaria máis adaptada a realidade territorial galega que a que permite o Regulamento de estradas do Estado que se aplicaba ata agora*
- *O regulamento procura tamen o incremento da transparencia e das garantías xurídicas para os cidadáns, ao concretar con maior detalle criterios obxectivos de actuación e reducir a discrecionalidade*
- *Ademais, buscase dotar as administracións unha ferramenta normativa que asegure a adecuada xestión e protección do dominio público viario*
- *Entre outras novidades, o regulamento minimiza os efectos das obras públicas para os propietarios dos terreos afectados e favorece a ordenación do territorio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto do proxecto de Decreto do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, para que sexa sometido ao ditame do Consello Consultivo de Galicia. Con esta normativa, será a primeira vez que a Comunidade Autónoma se dote dun regulamento xeral en desenvolvemento da súa lexislación en materia de estradas, deixándose de aplicar, tras a súa entrada en vigor, o Regulamento de estradas do Estado.

Este regulamento, xunto coa Lei 8/2013, de Estradas, dota a Comunidade Autónoma dun sólido corpo normativo propio, adaptado a realidade galega, para unha mellor xestión das redes de estradas de titularidade de Galicia e das entidades locais galegas.

O Regulamento xeral de estradas de Galicia recolle as medidas para a mellor regulacion das v as galegas de titularidade autonómica, das deputacións e dos concellos e facilitará a coordinación da xestión entre as diferentes administracións titulares das v as. Deste xeito, a rede viaria cumprirá con maior eficacia as súas funcións de vertebración do territorio e ser soporte do sistema de transporte.

O Executivo autonómico entre as súas responsabilidades prestar atención as estradas, elementos importantes para a calidade de vida da cidadanía, así como para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Nese sentido, considérase necesario contar con instrumentos normativos que lle permitan xestionar as redes de estradas de titularidade autonómica e local, tendo en conta as súas peculiaridades. A normativa centrase en tres obxectivos fundamentais:

- *Acadar unha xestión da nosa rede viaria máis adaptada a realidade territorial galega que a que permite o Regulamento de estradas do Estado que se aplicaba*

ata agora. Para iso, comprende atender as singularidades de Galicia, como a dispersión e abundancia de núcleos de poboación, existencia de núcleos rurais, presenza dunha gran cantidade de travesas, núcleos de poboación e edificacións illadas nas marxes das estradas e gran densidade das diferentes redes de estradas e camiños públicos, entre outros.

- Incrementar a transparencia e as garantías para os cidadáns, ao concretar con maior detalle criterios obxectivos de actuación e reducir a marxe de discrecionalidade no proceder da Administración.
- E, en terceiro lugar, outorgar as administracións unha ferramenta normativa que asegure a adecuada xestión e protección do dominio público viario.

Novidades

O proxecto de Regulamento de Estradas de Galicia desenvolve a Lei 8/2013, do 28 de xuno, de Estradas de Galicia. Este corpo normativo, considerado conxuntamente, introduce importantes novidades das que se poden destacar as seguintes:

- Aportar maior seguridade xurídica e claridade ao cidadán. Detállanse mellor os procedementos, redúcese a discrecionalidade da Administración, e establecece a obriga dunha maior transparencia, especialmente polo aumento dos proxectos que deberán ser sometidos ao trámite de información pública. Ademais, simplifícanse preceptos de modo que sexa máis sinxela a aplicación da normativa.
- Racionalizar e flexibilizar o uso dos terreos lindeiros, cunha regulación adaptada a realidade territorial galega e que permite compatibilizar mellor a protección e explotación da estrada coa actividade económica. É especialmente relevante o novo tratamento, máis preciso pero tamén máis flexible, das zonas de protección do Dominio Público Viario.
- Establecer mecanismos para unha mellor consideración dos cidadáns afectados polas expropiacións para execución de obras, de modo que se habilita unha fórmula para que o propietario conserve os dereitos urbanísticos, e se eviten problemas na reposición de bens afectados permitindo que sexa a Administración a que o realice.
- Promover unha mellor coordinación entre administracións, fomentando os intercambios de información e establecendo pautas para resolución de conflitos entre elas.

- Contribuir a unha mellor ordenacion do territorio, xerarquizando as estradas segundo a funcion que desempeñen unindo os nucleos de poboacion e vertebrando a Comunidade Autonoma

Tramitacion desenvolvida

O 27 de marzo de 2013 o Consello da Xunta de Galicia acordou a tramitacion do anteproxecto de Regulamento xeral de estradas de Galicia, unha vez aprobado inicialmente, foi sometido a informacion publica a traves do portal web, no que se admitan todas as proposicions, suxestions ou recomendacions que, en relacion a aquel, estimase pertinente realizar calquera cidadan, organizacion ou asociacion.

Dende ese momento, o proxecto de regulamento foi cambiando ao longo da sua tramitacion por mor das alegacions recibidas e sobre todo polas melloras propostas pola Asesor a Xur dica Xeral da Xunta de Galicia.

Na fase intermedia recibíronse alegacions da Deputacion da Coruna, da FEGAMP e do CSIF. A maior a destas alegacions foron aceptadas e incorporadas ao proxecto de regulamento, salvo aquelas que non era posible aceptar por non ser acordes coa Lei de estradas, a que o regulamento non pode contradicir.

O novo texto coas alegacions aceptadas foi remitido a Asesor a Xur dica Xeral da Xunta de Galicia que con data 24 de xullo de 2015 emitiu informe. O informe recolle observacions de caracter xeral e outras concretas ao articulado, e o proxecto de regulamento ganou en claridade, concrecion e sistematica cos cambios realizados grazas as suas achegas.

A XUNTA APROBA A CREACION DO CENSO DE VIVENDAS BALEIRAS CO OBXECTIVO DE INCENTIVAR A SUA INCORPORACION AO MERCADO E PROMOVER A SUA INTEGRACION NAS POLITICAS SOCIAIS DE VIVENDA

- *Sera obrigatoria a inscripcion das vivendas baleiras propiedade de entidade financeiras e as suas sociedades e das entidades de xestion cando estean en localidades de mais de 10.000 habitantes*
- *Para o resto de vivendas, inclu das as de particulares, a inscripcion sera voluntaria*
- *O incumprimento da obriga de inscripcion conleva sancions de ata 3.000 euros por inmoble non rexistrado*
- *O Censo permitira coñecer a situacion real en Galicia e facilitara a planificacion da politica social de vivenda, para o que o proxecto de Decreto establece as medidas que podera adoptar a Xunta*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao texto do Decreto polo que se crea e regula o Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autonoma de Galicia, que sera remitido ao Consello Consultivo unha vez rematado o prazo de audiencia aos axentes sociais e economicos e resoltas as alegacions presentadas polos mesmos. O obxectivo deste regulamento e facilitar a incorporacion ao mercado dos inmobles baleiros das entidades financeiras e promover a súa participacion nas politicas sociais de vivenda.

O Decreto creara o Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autonoma de Galicia no que estaran obrigadas a inscribirse todas as vivendas baleiras existentes en Galicia sempre que sexan propiedade de entidades de credito, das suas filiais inmobiliarias ou das entidades de xestion de activos, incluídos os procedentes da reestruturacion bancaria e se atopen en concellos de mais de 10.000 habitantes.

O incumprimento da obriga de inscripcion conleva unha sancion de ata 3.000 euros por inmoble non rexistrado.

As devanditas propietarias de vivendas poderan inscribir con caracter voluntario as que posuan en concellos de menos de 10.000 habitantes. Tamen poderan solicitar a inscripcion das suas vivendas o resto de propietarios de vivendas baleiras.

A efectos do Censo de Vivendas Baleiras da Comunidade Autonoma de Galicia, considerase vivenda baleira a que non sexa ocupada polo seu titular e na que, ademais, non exista unha persoa usuaria que dispoña do correspondente contrato que lle de dereito a súa ocupacion.

O obxectivo do Censo e dispoñer dunha informacion fiable das vivendas baleiras propiedade das citadas entidades existentes nos concellos cunha maior demanda de

vivenda, que podan estar en situacion de ser habitadas, para analizar as posibilidades de equilibrar a demanda existente coa oferta potencial de vivenda.

Este Censo crease, polo tanto, coa finalidade disponer de informacion adecuada en relacion co estado de ocupacion do parque de vivendas de Galicia, co obxecto de realizar a planificacion social da pol tica de vivenda.

Por outra parte, o proxecto de Decreto preve as medidas que se poderan adoptar para favorecer o uso das vivendas baleiras inscritas no mesmo, que son as seguintes:

- Posibilidade de asinar acordos de colaboracion entre a Xunta e os propietarios co obxecto de destinar as vivendas inscritas a atender a persoas afectadas por procedementos de execucion hipotecaria ou por desafiuzamentos por impago de rendas de aluguer.
- Intermediacion da Xunta entre as persoas propietarias e as persoas demandantes de vivenda, facilitando formulas de concertacion de arrendamentos ou adquisicion.
- As vivendas inscritas no censo poderan ser utilizadas nos programas de fomento do aluguer que desenvolva a Xunta ou as administracions locais, sempre co previo consentimento das suas persoas propietarias.
- A Xunta podera realizar unha oferta publica de adquisicion de vivendas, nas localidades de maior demanda de vivendas de promocion publica.

A POLICIA AUTONOMICA IMPUTOU UN TOTAL DE 71 PERSOAS RELACIONADAS CON INCENDIOS FORESTAIS NO ANO 2015

- *Despregou 274 efectivos polos montes galegos, nove axentes mais que o ano pasado*
- *A causa da maior a dos lumes en que se efectuaron detencions foi a imprudencia ou negligencia, cun total de 60*
- *O Consello da Xunta de Galicia foi informado hoxe do balance sobre o resultado da actividade de prevencion e loita contra os incendios forestais desenvolvida no ano 2015 pola Polic a Autonómica*

A Unidade do Corpo da Polic a Nacional adscrita a Comunidade Autonoma de Galicia, Polic a Autonómica (UPA), imputou un total de 71 persoas relacionadas con incendios forestais durante o pasado ano 2015.

O Consello da Xunta de Galicia foi informado hoxe do balance sobre o resultado da actividade de prevencion e loita contra os incendios forestais desenvolvida no ano 2015 pola Polic a Autonómica.

Compre sinalar que este corpo, como polic a operativa contra os lumes forestais, despregou 274 efectivos polos montes galegos, nove axentes mais que o pasado ano. Destes axentes, 243 foron efectivos permanentes e os 31 restantes actuaron como reforzo nos casos de urxencia.

O persoal da UPA, tal e como ven facendo nos ultimos anos, centrou os seus esforzos e a súa actividade na reducion do numero de incendios, pero tamen en que se produza a detencion ou imputacion dos seus autores, sexan de caracter intencionado ou negligente, mantendo sempre as duas premisas a seguir dende a perspectiva policial, que son controlar a posible actividade incendiaria e deter as persoas que resulten autoras dos lumes, de acordo coas pautas recollidas no Pladiga 2015.

Ademais, o aproveitamento da súa experiencia, as como a súa formacion espec fica nesta materia fai que o traballo dos axentes autonomicos resulte fundamental para controlar a actividade incendiaria e deter as persoas autoras de lumes nos montes.

A estat stica sobre detencions e imputacions por incendio forestal indica que a causa da maior a dos lumes en que se efectuaron detencions foi a imprudencia ou negligencia cun total de 60, mentres que os dolosos ou intencionados foron 11.

Dentro dos dolosos ou intencionados incluense os realizados voluntariamente para "limpar" a maleza e restos agr colas ou, nalgun caso, "queimar porque si", mediante a aplicacion directa de lume, sen importar as consecuencias e sen razon loxica.

Polo que se refire aos imprudentes ou negligentes, a principal causa segue a ser por escapes de queimas, 29; pola utilizacion de diversa maquinaria agrcola, 15; o lanzamento de artefactos pirotécnicos, 8; e por outras causas, 8, a maioría derivadas do mal mantemento de liñas eléctricas.

Os datos amosan un perfil maioritariamente masculino e de mediana idade (30-64 anos) autor de máis do 60% dos lumes. O labor da UPA tamén se reflicte nos 132 incendios esclarecidos en 2015.

Se nos centramos só na campaña de verán, a Policía Autonómica detivo ou imputou un total de 38 persoas relacionadas con incendios forestais. Destes, un total de 32 foron detidas por negligencia e 6 foron intencionados.

O Plan de loita contra os incendios forestais en Galicia prevé cada ano a colaboración específica do persoal da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), en tarefas tanto relativas á prevención de lumes como á posterior investigación destes, de xeito que se poidan deter os presuntos autores.

Unha das prioridades dos axentes é a prevención e, neste caso, a súa presenza policial en zonas conflitivas xa ten de por si un efecto disuasorio. A vixilancia tamén inclúe a detención de focos de inicio de lumes, a alerta e colaboración cos medios de extinción, a identificación de persoas sospeitosas e a captación de información entre os cidadáns.

O traballo policial de campo complementase co labor dos grupos de investigación integrados por policías especializados que se encargan das inspeccións oculares, identificación e tomas de declaración a testemuñas, de recompilar probas indiciarias e da elaboración de atestados.

A XUNTA CONTABILIZA 47 INCIDENCIAS OCASIONADAS NA REDE AUTONOMICA DE ESTRADAS POR MOR DO TEMPORAL, DAS QUE 40 XA ESTAN SOLUCIONADAS E 7 EN PROCESO

- *A Conseller a de Infraestruturas indica que actualmente xa se pode circular por todas as estradas autonomicas con case total normalidade e en condicions de seguridade*
- *Para recuperar a normal circulacion polas estradas foi necesaria a intervencion de 2 retroexcavadoras, 22 retroexcavadoras mixtas, 7 minirretros, 35 camions dumper e 1 camion grua ademais do persoal tecnico e dos equipos de traballo das empresas de conservacion e da Axencia Galega de Infraestruturas*
- *Este operativo foi mobilizado a traves dos programas de conservacion ordinaria e vialidade invernal, adxudicados pola Xunta no ano 2015*
- *Posteriormente ao temporal tiveron lugar nevaradas que precisaron da distribucion de 72 toneladas de sal en estradas autonomicas na provincia de Ourense, 17 na provincia de Pontevedra e 277 toneladas nas v as da provincia de Lugo*
- *Permanece cortado nun treito en Bertamirans (Ames) un dos carrs da autov a Santiago-Brion onde se avanza na reparacion dos efectos do derrubamento dun noiro*

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Conseller a de Infraestruturas e Vivenda sobre os efectos que a climatolox a adversa rexistrada nos primeiros dias de xaneiro tivo sobre a rede de estradas de titularidade autonómica e as actuacións levadas a cabo para garantir a circulación. A Axencia Galega de Infraestruturas contabiliza un total 47 incidencias ocasionadas polos temporais, das que 40 xa están solucionadas e 7 en proceso de execución.

O Goberno galego indica que actualmente xa se pode circular por todas as estradas da Rede Autonómica con case total normalidade e en condicions de seguridade.

No informe presentado hoxe no Consello da Xunta detallase que un total de 36 das incidencias se corresponden con desprendementos de terras ou muros de contención, 9 con asolagamentos de auga e 2 con afundimentos da calzada.

Para recuperar a normal circulación polas estradas foi necesaria a intervención de 2 retroexcavadoras, 22 retroexcavadoras mixtas, 7 minirretros, 35 camions dumper e 1 camion grua ademais do persoal técnico e dos equipos de traballo das empresas de conservación e da Axencia Galega de Infraestruturas.

Estes foron mobilizados a través dos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernal, que foron licitados pola Xunta de Galicia a finais do ano 2014 por máis de 116 millóns de € para un período de 4 anos e adxudicados no ano 2015, e que tenen

como obxectivo facer posible a circulación nas estradas en condicións de seguridade e fluidez (actividades de vialidade), e retrasar a súa degradación ou a corrixir impactos puntuais (actuacións de conservación ordinaria).


Por outra parte, tras o paso dos sistemas frontais, produciuse unha baixada das temperaturas e tiveron lugar nevaradas, para as que foi preciso mobilizar os medios previstos no dispositivo de vialidade invernal da conservación de estradas da Axencia Galega de Infraestruturas. Este dispositivo activouse o pasado 1 de novembro e estendese ata o día 30 de abril, e entra en servizo co fin de garantir unhas óptimas condicións de circulación pola rede de estradas de titularidade autonómica ante as posibles condicións meteorolóxicas adversas por nevaradas e xeo.

O operativo disposto polo Goberno galego distribuíu entre os días 5, 6, 11 e 12 de xaneiro en estradas de titularidade autonómica 72 toneladas de fundentes (sal) na provincia de Ourense, 17 toneladas na provincia de Pontevedra e 277 toneladas provincia de Lugo.

Derrubamento de noiro na autovía a Santiago-Brion (AG-56)

Un dos incidentes máis relevantes foi o derrubamento dun noiro na AG-56, a autovía a Santiago-Brion. Como consecuencia dos efectos do temporal a primeira hora do día 9 de xaneiro derrubouse un noiro vexetado que dá soporte a un dos carrís de acceso a autovía a altura do núcleo de Bertamirans, en Ames, en dirección Santiago de Compostela. Como consecuencia unha das calzadas veuse invadida por terras, e foi preciso pechar esa calzada ao tráfico, así como o ramal de entrada na autovía afectado.

Activáronse inmediatamente os medios necesarios para a retirada destes materiais, quedando aberto ao tráfico o carril esquerdo o mesmo sábado día 9 ás 16:45 h. Para elo foi necesario mobilizar unha pala retroexcavadora, 4 camións, un tractor-cisterna e 5 operarios. Ademais, adoptáronse todas as medidas necesarias para garantir a seguridade da circulación mentres se avalúa o alcance dos danos producidos, así como dos traballos necesarios para a reapertura total da autovía. Así, mentres se avanza na solución total, o carril habilitado está protexido por unha barreira de tipo 'New Jersey' de formigón e vixiado de forma permanente.



Comunicacion da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

A XUNTA FORMA MAIS DE 1.000 PROFESIONAIS NO SECTOR TIC PARA DAR RESPONSA AS NOVAS DEMANDAS DA INDUSTRIA GALEGA

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), está a desenvolver 75 cursos e seminarios técnicos para potenciar o coñecemento como factor de produtividade*
- *Esta actuación enmarcase na aposta da Xunta polas TIC como clave para a posta en marcha da fábrica intelixente, dentro da Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0*
- *Mais de 5.500 persoas pasaron polo CNT nos últimos anos, o que permitiu as persoas desempregadas incrementar a posibilidade de atopar un emprego e aos empregados, mellorar as súas competencias profesionais e a competitividade das empresas en que traballan*
- *A inserción laboral media da programación formativa do CNTG destinada a persoas sen emprego chega ata o 60 por cento*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria está a ofertar a máis de 1.000 profesionais formación técnica especializada no sector TIC a través do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) co obxectivo de incrementar a produtividade e capacidade competitiva das empresas galegas. A finalidade é ofrecer aos profesionais formación continua que lles permita unha actualización permanente de coñecementos nun mercado suxeito a constantes cambios.

Trátase de dar resposta as novas demandas da industria galega e, por iso, esta actuación enmarcábase na aposta da Xunta polas TIC, un sector transversal clave para a posta en marcha da fábrica intelixente. Por iso, a capacitación dos traballadores e traballadoras galegos nas novas tecnoloxías está integrada nas principais estratexias económicas e de innovación de Galicia como son a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 e a Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0.

A programación formativa do CNTG, para o que a Xunta está a destinar 735.000 euros, supón para os traballadores galegos, tanto desempregados como ocupados, engadir valor aos seus currículos, incrementar as súas oportunidades de promoción laboral, a posibilidade de mellorar os seus salarios e, en xeral, mellores perspectivas na súa carreira profesional. O modelo da Industria 4.0 e as tecnoloxías asociadas a ela, que está a potenciar o Goberno galego, suporan oportunidades de negocio non só no sector fabril senon no resto da economía.

Para iso estanse a levar a cabo ata o primeiro semestre do 2016 un total de 75 cursos e seminarios técnicos. Por unha banda, os cursos son prácticos e están orientados ao mundo laboral, polo que están baseados nunha demanda real do sector con adaptación continua a novos produtos. Os cursos (54) inclúen un total de 3.270 horas de

formacion asociada a curr culos formativos oficiais de fabricantes de tecnolox a, estando presentes nesta oferta, polo tanto, os principais actores e multinacionais do tecido tecnoloxico TIC como Microsoft, Amazon ou Cisco.

Doutro lado, os seminarios tecnicos son de libre acceso para o publico en xeral e versan sobre materias de interese na actualidade. Ademais, retransm tense por videoconferencia a distintas localidades da Comunidade autonoma, en virtude dun acordo de colaboracion coa rede de aulas CeMIT da Xunta.

Ademais, con esta oferta formativa, un total de 830 profesionais poderan realizar de forma gratu ta un exame de certificacion oficial con reconecemento a nivel mundial para acreditar o seu dominio nun determinado produto ou ferramenta tecnoloxica. Os alumnos e alumnas interesados en participar nos cursos poden anotarse a traves da paxina web <https://cntg.xunta.es>.

Actualmente, o Centro de Novas Tecnolox as de Galicia e un referente na formacion publica de profesionais TIC a nivel galego e estatal. Despois de mais de sete anos de actividade, formaronse mais de 5.500 alumnos e alumnas en preto de 360 cursos o que permitiu as persoas empregadas mellorar as suas competencias profesionais e a competitividade das empresas en que traballan; e aos desempregados, incrementar a posibilidade de atopar un emprego, sendo a insercion laboral dun 60 por cento.

Con este obxectivo, so no ambito da formacion, a Conseller a de Econom a, Emprego e Industria destinara 75 millóns de euros en 2016 e entre as medidas que se poran en marcha, e que se incluiran na nova Axenda de Emprego, destacan a estratexia de formacion profesional para o emprego que promovera, entre outros, a formacion dos traballadores nas empresas e dos seus cadros directivos e unha linea formativa centrada nos sectores estratexicos e emerxentes.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 4 MILLONS AO IMPULSO DA COMPETITIVIDADE INDUSTRIAL DE MEDIO CENTO DE CONCELLOS GALEGOS

- *O programa preve apoios de ata o 80% dos custos subvencionables, e a conta da axuda para os proxectos desenvolvidos por agrupacions ou fusions de municipios incrementase nun 15%*
- *Os concellos interesados poderan presentar a súa solicitude entre o 20 de xaneiro e o 22 de febreiro, na procura de promover actuacións que incrementen a calidade dos parques empresariais e xeren novos postos de traballo*
- *A orde permitira promover iniciativas de aforro e eficiencia enerxética, novas plantas de depuración de augas, xestión de residuos, mellora nas vías de acceso ou sistemas contra o roubo de cable*
- *Tras a finalización dos traballos, teranse realizado mais de 270 proxectos nos parques empresariais galegos desde o 2009 para contribuir a mellora das súas infraestruturas e a atracción de investimentos*
- *Ademais, dedicara 1 millón de euros a creación de viveiros industriais promovidos polos concellos para impulsar o emprendemento industrial*

A nova orde de axudas para a habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresarias galegos, promovida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, conta este ano cunha partida próxima aos 4 millóns de euros, o que permitira impulsar actuacións encaminadas a mellorar a competitividade industrial de arredor de medio cento de concellos galegos, promovendo a atracción de novos investimentos con capacidade para xerar riqueza e emprego.

A liña preve apoios de ata o 80% do custo subvencionable, cun máximo de 120.000 euros por solicitude. Ademais, os proxectos desenvolvidos por agrupacións ou fusions de concellos incrementaran nun 15% a conta da axuda con respecto ao que lle correspondera a cada municipio de xeito individual, cun máximo de 180.000 euros. Desta forma, colaborase coas administracións locais, primando unha xestión compartida que posibilita unha redución de gastos nas arcas municipais.

Os concellos interesados poderan presentar as súas solicitudes entre o 20 de xaneiro e o 22 de febreiro. As mesmo, permítese o pagamento de anticipos de ata o 25% da axuda concedida. Deste xeito, faise accesible aos municipios a posta en marcha de actividades que aumentan a calidade do solo industrial, co obxectivo de mellorar as infraestruturas que se lle ofrecen as industrias para que se instalen en Galicia xerando postos de traballo.

Esta actuación encadrase no marco da Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0 coa que o Goberno galego esta a impulsar a modernización da industria da Comunidade, e que xa ten permitido promover outras medidas para facilitar o acceso

ao solo industrial e atraer investimentos cara a Galicia, como as rebaixas de ata o 50% neste solo.

Neste marco, as axudas conecidas hoxe polo Consello da Xunta apoiaran iniciativas orientadas a dotacion de servizos centralizados de xeracion e subministracion de enerxía de cara ao aforro e a eficiencia no gasto enerxético, novas plantas de depuración de augas, xestión de residuos, vías de acceso aos parques empresariais, instalacións de sistemas de seguridade e vixilancia, ou de sistemas contra o roubo de cables.

Tras a finalización dos traballos, teranse realizado máis de 270 proxectos nos parques empresariais galegos desde 2009, para contribuir a mellora das infraestruturas de apoio ao tecido empresarial da Comunidade co obxectivo de atraer investimentos para os concellos galegos.

Emprendemento industrial

Dentro deste programa, que ten como principal obxectivo a captación de novas industrias nos concellos, a Xunta activara unha nova iniciativa dotada de un millón de euros destinada a creación de viveiros industriais promovidos polos concellos. O fin é impulsar o establecemento de novas industrias, tanto a través de novas infraestruturas como da rehabilitación de naves xa construídas.

O 48% DA POBOACION ALBO PARTICIPOU NO PROGRAMA PILOTO DE CRIBAXE DE CANCRO COLORRECTAL

- ***Esta taxa de participacion e moi superior a prevista nun principio, e similar a global do Estado (48,19%)***
- ***Nas 1.727 colonoscopias realizadas detectaronse 106 cancros invasivos, 263 adenomas de alto risco, 414 adenomas de risco medio e 334 adenomas de baixo risco***

Mais de 25.000 persoas participaron no Programa piloto de cribaxe de cancro colorrectal da Consellería de Sanidade que se desenvolveu na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Ferrol. En total invitouse a participar a mais de 52.000 persoas de 50 a 69 anos, o que supón unha participación global do 48,36%, preto de 7 puntos superior nas mulleres que nos homes. Esta taxa de participación é moi superior a prevista nun principio, e similar a global do Estado (48,19%).

Dos tests realizados, 1.812 deron positivo no test de sangue oculto en feces -cunha taxa de positividade do 7,19%-, e deles indicáronse 1.800 colonoscopias, xa que 12 foron excluídos por razóns diversas. Levaronse a cabo 1.727, o que supón unha taxa de aceptación do 95,94%, significativamente superior a todas as obtidas no resto do Estado e a media estatal, de 87,63%.

Nas 1.727 colonoscopias realizadas detectáronse 106 cancros invasivos, 263 adenomas de alto risco, 414 adenomas de risco medio e 334 adenomas de baixo risco. As taxas por sexo son máis altas en homes que en mulleres, preto do dobre en cancros invasivos e o cuadruplo en adenomas de alto risco. Cómpre destacar que unha porcentaxe significativa dos adenomas de alto risco evoluciona a cancro, polo que a súa extirpación evita esta doenza no futuro, o que contribúe a diminución das incidencias.

As mesmo, preto do 70% dos cancros detectados en Ferrol foron en estadios precoces, onde o prognóstico é significativamente mellor que nos máis avanzados. Sen cribaxe, o habitual é que o 46% dos cancros se diagnostiquen en estadios avanzados e é só o 14% en estadio precoz.

Desta maneira, tanto a participación como a aceptación da colonoscopia nos casos en que o test foi positivo foron moi superiores ao esperado e similares ou superiores ao publicado no resto do Estado. Neste sentido, as taxas de detección de adenomas, especialmente os de alto risco, xunto coas taxas de detección de cancros invasivos e o elevado número destes que se encontran en estadios precoces, garanten que a medio prazo se logran os resultados previstos en termos de mortalidade, supervivencia, incidencia e calidade de vida relacionados con este cancro.

A Consellería de Sanidade decidiu en 2013 facer a implantación desta iniciativa a través dun programa piloto na EOXI de Ferrol, que ten unha poboación aproximada de 203.300 habitantes. Actualmente, a Xunta traballa na expansión do programa a toda a poboación galega, de feito xa se está implantando na EOXI de Ourense e está previsto comezar este ano en Pontevedra e Lugo.

Tumor maligno mais frecuente na poboación

O cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente no conxunto da poboación: nas mulleres, é o segundo en incidencia por detrás do de mama; e nos homes, o terceiro tras o cancro de pulmón e o de próstata. Ademais, é a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como en mulleres, e constitúe a quinta causa de mortalidade en Galicia.

A maior parte destes cáncros diagnósticanse en estadios avanzados -que é cando comezan a producirse os síntomas-, o que afecta a supervivencia dos pacientes xa que, aos 5 anos do diagnóstico, esta é do 75-90% se o cancro é detectado en fases iniciais e de tan só do 15% cando é detectado en fases máis avanzadas.

A detección precoz mediante o test de sangue oculto en feces pode diminuír a mortalidade por cancro colorrectal entre un 30% e un 35%. Ademais, o 25% dos cáncros diagnosticados mediante un programa de detección precoz poden ser tratados e curados mediante técnicas endoscópicas non cirúrxicas, mentres que na práctica clínica habitual isto soamente acontece nun 2%.

Funcionamento do programa

Para participar no programa, a poboación alba -as persoas de 50 a 69 anos- recibe no seu domicilio unha carta nominal informativa e de invitación a participar acompañada dunha tarxeta de aceptación (con franqueo pagado) que deberá ser devolta ao programa no caso de aceptar. Seguidamente envíaselle o material necesario para a toma da mostra e as instrucións para recollela.

Unha vez recollida, o participante deposita a mostra no seu centro de saúde dende onde se remitirá ao laboratorio para a súa análise. As persoas con resultado negativo recibirán unha carta informandoas e volveranse invitar nun prazo de dous anos. As persoas con resultado positivo son citadas na consulta do seu médico de atención primaria para explicarlles o significado deste resultado e a necesidade de realizar unha colonoscopia para descartar ou confirmar a presenza de lesións malignas ou premalignas.

A colonoscopia de cribaxe ten un carácter diagnóstico e terapéutico xa que se trata de visualizar e extirpar todas as lesións detectadas. Unha vez realizada, o programa de

cribaxe realiza unha avaliacion de risco de todos os pacientes, clasif caos e realiza o seguimento adecuado para cada un.

A XUNTA IMPULSA A CREACION DUNHA INDICACION XEOGRAFICA PROTEXIDA PARA O PAN GALEGO DE ACORDO COAS DEMANDAS DO SECTOR

- *O Goberno galego analizou na súa reunion de hoxe un informe da Conseller a do Medio Rural sobre a tramitacion desta IXP, que permitira protexer e potenciar este produto tradicional*
- *O vindeiro 5 de marzo remata o primeiro prazo de exposicion publica do expediente, tras a publicacion no DOG e no BOE da solicitude de creacion do selo*
- *Tratase dun pan de codia dura e triscante, miolo esponxoso e alveolado abundante e irregular, que se elabora de forma artesanal con farina de trigo brando, da cal unha parte debe proceder de trigos cultivados en Galicia*

O Consello da Xunta analizou na súa reunion de hoxe un informe da Conseller a do Medio Rural sobre a tramitacion dunha indicacion xeografica protexida (IXP) para o pan galego. Neste documento sinalanse os antecedentes e a necesidade deste instrumento para protexer e potenciar este produto –unha vella aspiracion dos panadeiros galegos– e explícanse de xeito resumido as características que debe ter para poder acollerse a este selo de calidade diferenciada, as materias primas e condicións de elaboracion que ten que presentar e o procedemento para a inscricion da IXP no rexistro europeo.

En relacion con este ultimo aspecto, no informe lembrese que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado* –neste mesmo mes de xaneiro– a preceptiva solicitude de creacion da Indicacion, e que se abriu un periodo de exposicion publica do expediente de dous meses, periodo que rematará o vindeiro día 5 de marzo. A partir de agora, recollidas as eventuais oposicións que se poidan producir, finalizará a fase nacional de tramitacion e enviarase o expediente a Comision Europea a traves do Ministerio de Agricultura, Alimentacion e Medio Ambiente.

Unha vez recibida a documentacion en Bruxelas, abrense novos prazos –ambos de seis meses– tanto para examinar o expediente por parte dos servizos da Comision como para un novo periodo de oposicións (de medio ano de duracion, pero que conclúe aos dous meses se nese tempo non se presentou ningunha alegacion). Pasado este periodo, se non hai incidencias, a IXP será incluída no rexistro europeo logo da publicacion dun regulamento da Comision Europea no *Diario Oficial de la Union Europea* (DOUE).

No informe avaliado hoxe polo Goberno galego sinalase que a necesidade deste selo para o pan galego viuse acrecentada nos ultimos anos, en que as panadarías tradicionais están a comprobar como o seu negocio decae pola forte penetracion no mercado do pan precocido conxelado. Así, faise preciso dotar os panadeiros e

panadeiras tradicionais dunha ferramenta que lles permita valorizar o seu produto, e ese instrumento e a IXP.

Características

As características que debora ter o pan para poder acollerse a esta Indicación están recollidas no correspondente prego de condicións. Trátase dun pan de codia dura e triscante, miolo esponxoso e alveolado abundante e irregular, que se elabora de forma artesanal con farina de trigo branda, da cal unha parte –cando menos un 25% do total– debe proceder de trigos cultivados en Galicia, pertencentes a variedades e ecotipos autóctonos galegos. Ademais, a súa elaboración caracterízase pola utilización de masa nai e dunha elevada cantidade auga, así como polos longos tempos de fermentación e cocción, esta última sempre en fornos con soleira de pedra ou outros materiais refractarios.

O prego de condicións establece tamén os diferentes formatos tradicionais que se admiten, os rangos de pesos que poden ter as pezas e define as características da codia e do miolo, así como o aroma e sabor do produto.

O pan presentarase ao consumidor en envases individuais que inclúan o logotipo da IXP que figura a continuación:

